



**PROPOSTA DE BASES PARA A ELABORACIÓN DUN NOVO PACTO  
DE VINCULACIÓNS TEMPORAIS NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO  
DE SAÚDE**

**A.- PRINCIPIOS XERAIS.-**

A proposta que a continuación se presenta pretende acadar como obxectivos fundamentais, entre outros:

- 1.- A **simplificación do procedemento** introducindo maior **axilidade** na fase de elaboración das listas de aspirantes a vinculacións temporais no ámbito do Servizo Galego de Saúde.
- 2.- **A unificación dos criterios de selección de persoal fixo e temporal** dentro do organismo, de forma que a selección do/a candidato/a idóneo/a para un posto de traballo, con independencia da modalidade de vinculación, fixa ou temporal se realice conforme a unhas pautas uniformes de acreditación dos requisitos de mérito e capacidade e coa mesma ponderación.
- 3.- **A incentivación da participación dos/as aspirantes nos procedementos selectivos convocados polo Servizo Galego de Saúde** para a adquisición da condición de persoal estatutario fixo.

**B.- LIÑAS FUNDAMENTAIS DA PROPOSTA.-**

- B.-1.-** A selección de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde efectuarase a través dunha **única lista por categoría e ámbito territorial de dispoñibilidade, coa diferenciación dunha dobre vía de acceso: libre e promoción interna.**





**B.-2.-** A orde de prelación dos/as aspirantes na lista será a seguinte:

**B.2.1.-** En primeiro lugar, os/as aspirantes que **superaron a totalidade da fase de oposición na última OPE do SERGAS convocada, sen obter praza.**

Ditos/as aspirantes ordearanse segundo a puntuación que resulte da suma das fases de oposición e concurso do respectivo proceso selectivo; fase, esta última, na que se valora a experiencia profesional, formación e outras actividades desenvolvidas polos/as aspirantes.

**B.2.2.-** A continuación, e formando parte da mesma lista, **os restantes profesionais que desexen optar a vinculacións temporais dentro das institucións sanitarias do SERGAS,** teñan ou non participado no último proceso selectivo.

Ditos/as aspirantes ordearanse segundo a prelación que resulte da puntuación da nota de exame de OPE, no seu caso, máis a puntuación acadada nos apartados de experiencia profesional, formación e outras actividades, segundo baremo de OPE.

### **C.- PRAZO DE VIXENCIA.-**

As bases expostas aplicaranse a partir da **seguinte OPE** que se convoque no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

